

CIRCUÍTO CULTURAL 2019

O Concello de Ponteareas, a través da Concellaría de Cultura e Lecer, Normalización Lingüística e Turismo, no seu afán de impulsar e fomentar a cultura popular en lingua galega nas múltiples e variadas expresións artísticas, e en colaboración coas agrupacións con sede social en Ponteareas, e as asociacións culturais e veciñais xestoras das casas ou centros culturais, pon en marcha o CIRCUÍTO CULTURAL MUNICIPAL 2019.

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

As presentes Bases teñen por obxecto fomentar a cultura popular en lingua galega nas múltiples e variadas expresións artísticas, e en colaboración coas agrupacións, as entidades e as asociacións culturais xestoras das casas ou centros culturais do Concello de Ponteareas a través do "Circuíto Cultural 2019".

Retribuiráselles ás agrupacións musicais e de teatro do concello polas actuacións autorizadas, e realizadas ao longo do ano 2019, no ámbito territorial do Concello de Ponteareas coas contías establecidas para este fin nestas bases. As agrupacións que cumpran os requisitos, poderán ser solicitadas por unha casa ou centro cultural.

SEGUNDA.- DESTINATARIOS DAS ACTUACIÓNS

Este circuítio estará destinado ás asociacións culturais ou veciñais xestoras das casas e centros culturais do concello de Ponteareas, **poden solicitar actuacións, (sen sobrepasar os 600,00€, cos impostos incluídos, no total das solicitudes ata esgotar o orzamento) das agrupacións incluídas no catálogo** que estará publicado na páxina web do Concello xunto coas bases e os formularios no enlace da concellería de cultura.

Unha vez concedida a actuación, as casas ou centros culturais e as agrupacións deberán poñerse en contacto coas agrupacións para concretar as necesidades técnicas que se precisen, debendo dispor dun escenario ou marco axeitado para efectuar a actuación correctamente.

TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE AGRUPACIÓNS NO CATÁLOGO DO CIRCUITO CULTURAL. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes de inclusión (**Anexo 1**) formalizaranse no modelo normalizado que se facilita no departamento de Cultura ou na web www.ponteareas.gal e presentaranse, xunto coa documentación a través da Sede Electrónica do Concello de Ponteareas <https://ponteareas.sedelectronica.gal/info.0>, Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica do Concello admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI). A presentación das solicitudes implicará que se autoriza á institución municipal para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 31 de marzo e comezará a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) do extracto destas bases remitidas pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), sen perxuízo da inserción na páxina web do Concello.

Poderán solicitar a inclusión no Circuito Cultural as agrupacións con domicilio social en Ponteareas que entren nos seguintes grupos: (agrupacións corais, orquestras de cámara, grupos de gaitas, grupos música tradicional, grupos folclóricos, grupos de pandeireteiras, grupos de teatro, grupos de playblack, Ranchos de Reis, charangas, grupos de rock, grupos de baile moderno e grupos de metais, madeira e corda, etc...)

Para seren incluídas neste programa as agrupacións interesadas presentarán a seguinte documentación:

- Copia do CIF da entidade
- Copia do DNI da persoa representante da entidade e o documento que acredite tal representación (Copia da acta co nomeamento)
- Certificación da conta bancaria e Ficha de Terceiros
- Acreditación de exención de IVE, se é o caso.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais autonómicas e estatais e coa Seguridade Social, e volver a presentalos de xeito inexcusable no momento en que se vaia a proceder ao pago da subvención. Ou ben, cubrir o **Anexo 4** autorizando ao Concello para que obteña os ditos certificados.
- Relación nominal de compoñentes co seu número de DNI, co nome do profesorado ou director (segundo o caso)
- Fotografía da agrupación en soporte dixital con formato JPG
- Declaración asinada na que se comprometen a empregar a lingua galega e linguaxe non sexista no desenvolvemento das súas actuacións
- Breve memoria explicativa da actividade que desenvolven, na que se incluírán as necesidades técnicas precisas.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

CUARTA.- CONTÍA MÁXIMA E CRÉDITO ORZMENTARIO.

As contías máximas que o Concello achegará aos distintos tipos de agrupación con sede social en Ponteareas, son as seguintes:

TIPO DE GRUPO	Subvención do Concello por actuación	Nº Actuacións máximas por categoría
---------------	--	---

Agrupacións corais	250,00	6
Orquestras de cámara	300,00	3
Grupos de gaitas / música tradicional	250, 00	12
Grupos folclóricos	250,00	10
Grupos de pandeireteiras	175,00	8
Grupos de teatro	200,00	9
Grupos playblack /baile moderno	175,00	6
Ranchos de Reis	250,00	4
Charangas	250,00	4
Grupos de rock	250,00	4
Grupos de metais, madeira, corda, duos, tercetos, etc.	250,00	6
Total	16.700,00	

O crédito orzamentario total comprende o gasto por importe de 16.700,00€ con cargo a partida 33000/2269905 do vixente orzamento.

QUINTA.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DAS ACTUACIÓN

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da Sede Electrónica do Concello de Ponteareas <https://ponteareas.sedelectronica.gal/info.0>, Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica do Concello admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos.

O prazo para a presentación de solicitudes ábrese ao día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) do extracto destas bases remitidas pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDSN), sen perxuízo da inserción na páxina web do Concello, e rematará o 1 de decembro 2019, sempre e cando non se esgote o orzamento.

As **solicitudes** formalizaranse conforme ao modelo normalizado (**Anexo 2**), que se facilitará no departamento de Cultura ou na web <http://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/> cunha **antelación mínima**

de 30 días naturais con respecto a data da súa realización e deberá **acompañar** unha copia do **DNI** da persoa que representa a entidade solicitante. O departamento de cultura informará da autorización cunha antelación mínima de 15 días . É moi importante indicar a **data e a hora da actuación** solicitada.

Toda aquela solicitude que sexa presentada fóra de prazo non se lle garantiza a súa realización.

En caso de que a solicitude non esté debidamente cuberta ou non se achegue a documentación esixida requiriráselle á entidade interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de cinco (5) días naturais, enmende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que de non presentalos se considerará desistida a súa petición. En caso de que o requerimento de enmenda sexa corrixido, considerarase a efectos do cómputo da orde de entrada o da enmenda da solicitude.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

No prazo máximo de 15 días dende a presentación da solicitude unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, a Concellería de Cultura informará sobre a autorización da actuación solicitada.

As solicitudes resolveranse por rigorosa orde de entrada. O Concello de Ponteareas apostará pola distribución e o equilibrio á hora do reparto das actuacións dos distintos grupos dentro de cada categoría.

Unha vez acordada a data coa agrupación iniciarase un Contrato Menor de Servizos coa mesma no que se propondrá á Alcaldía para que dicte resolución accedendo a concesión do curso. A resolución será notificada a Asociación beneficiaria.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGO

O Concello de Ponteareas aboaralle ao grupo ou artista o importe correspondente ao custo do espectáculo da actuación mediante transferencia bancaria unha vez presentada a factura pola cantidade correspondente segundo o cadro da base cuarta, que deberá reunir os requisitos legais establecidos, xunto coa acreditación por parte da asociación da realización do evento. A factura presentarase no prazo máximo de 30 días, contados a partir da data de realización do evento.

As facturas presentarase en formato electrónico a través do Punto xeral de facturas electrónicas (FACE), accesible a través da sede electrónica do Concello de Ponteareas, para os efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda proceda á súa tramitación.

Os códigos DIR3 que se especificarán nas correspondentes facturas electrónicas son os seguintes: Órgano xestor: L01360427 - Unidade tramitadora: L01360427 - Oficina Contable: L01360427

OITAVA.- OUTRAS OBRIGAS DO CIRCUÍTO CULTURAL

Son obrigas dos organizadores:

1. Incluír na publicidade realizada o logo de Ponteareas-Concello co texto "Colabora o concello de Ponteareas, " (Facilitarase no departamento de cultura)
2. **Comunicar ao concello a obtención doutras axudas** para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou Entes públicos ou privados.
3. Pactar e consensuar coas agrupacións as datas e condicións do evento e calquera outra cuestión orzamentaria, debendo de dispor dun escenario ou marco axeitado para efectuar a actuación correctamente, sendo exclusivamente un acordo entre as dúas partes.
4. De proceder ao pago dos dereitos de autor á SGAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores) os custos correrán por contas dos organizadores e contratantes.
5. Non solicitar máis dunha solicitude por evento.
6. Desenvolver a actuación no Termo Municipal de Ponteareas
7. As actuacións se destinarán exclusivamente a eventos culturais de carácter profano organizados polas casas e centros culturais.
8. As casas e os centros culturais non poderán solicitar ningún grupo que teña vinculación coa propia casa ou centro cultural.
9. **As casas e centros culturais poden solicitar varias actuacións, sen sobrepasar os 600,00 € no total das solicitudes ata esgotar o orzamento.** En caso de non esgotar o orzamento, a Concellería de cultura realizará unha nova oferta seguindo o criterio de priorizar aqueles centros ou asociacións e grupos que menos actuacións realizaron.

NOVENA.- VIXENCIA E ACEPTACIÓN DAS BASES

Estas Bases estarán vixentes ata o 30 de decembro de 2019 e estará condicionado á existencia de consignación orzamentaria. A presentación da solicitude de cursos supón a aceptación destas bases.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Concello de Ponteareas, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que as e os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento.

UNDÉCIMA.- ORGANO COMPETENTE

O órgano competente para aprobar estas bases e para a resolución da concesión das actuacións é a Alcaldía